

**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2025
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA**

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e a 3, de 3 puntos; a 2 e a 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda, a terceira e a cuarta, con posibilidade de elección.

CONTEXTO:

Como actividade para a materia de *Historia da Música e da Danza* ten que realizar vostede unha **presentación** para o grupo de clase, na que explique un **xénero musical** histórico. Para isto deberá apoiarse en materiais documentais, como textos e imaxes que identifiquen o xénero e o contextualicen histórica, estilística e socialmente. Este é o texto e a imaxe que vai utilizar neste caso:

“O teatro ordinario de París, preto do Palais Royal, faría, comparado con outros, unha triste figura, se non fóra pola pompa e o esmero das escenografías que fan esquecer a mediocridade da arquitectura: moi sorprendentes son, con todo os coros, onde aparecen máis de 30 donceles esplendidamente vestidas e un número aínda maior de homes. Pódense ver 16 espíritos que combaten entre as nubes; sen baixar o pano asístese a cambios de escena instantáneos e de ordinario compiten mutuamente 12, 16 ou ata 20 bailaríns. Non por casualidade de bailes e de coros consisten fundamentalmente as óperas que alí se dan (...). Moi pouco natural é que alí logo fagan aparecer tan a miúdo divindades e personificacións de fontes, árbores, outeiros e ríos con figura humana que, para facer ver as súas máquinas, baixan do ceo de pé ás divindades, en cada acto, e que conclúan os seus dramas (sexan traxedias recitadas ou cantadas) de maneira sempre tan lúgubre que non sobrevive a miúdo máis dun ou dous sobre a escena (cousa que en Alemaña e en Italia se consideraría ridículo). Máis aló de todo isto, as súas óperas consisten, polo xeral, só de recitativos; as arias son, talvez, non menos de 3 ou 4 e cando as recitan entón todo o auditorio (que, fóra dalgunha damisela, consiste polo xeral soamente en *abbés*) se pon a cantaruxalas (...). Ás súas glorias fanas descender tan rapidamente do teito das escenas que se estaría tentado de crer que as súas nubes caen do ceo; as empresas de guerra e os asedios ás cidades trátanos bufonescamente antes que seriamente, tanto máis que os soldados, vestidos todos principescamente, parecen máis que nada óptimos equilibristas e acróbatas.”

**PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL E AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)**

A partir do texto e da imaxe propostas, prepare un texto escrito no que explique o xénero escollido para a presentación. A estrutura do texto será como segue: unha introdución, onde defina o xénero; un comentario, onde sintetice dúas ideas principais que estean no texto e/ou relacionadas coa ilustración; unha conclusión, onde sitúe cronolóxicamente e xeograficamente o xénero tratado, relacionándoo con outros elementos do contexto histórico e social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páxinas).

PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)

A presentación preparada anteriormente, require ser seguida dun **exemplo musical**. Para isto pode utilizar unha obra que vostede coñeza ou ben pode escoller unha de entre estas tres: J. B. Lully, *Ouverture*, do Ballet de la Nuit; F. Chopin, *Nocturno en Do# menor*; R. Wagner, *Cabalgata das Walkirias*, da opera A Walkiria. Debe xustificar a súa elección, atendendo ao xénero, instrumentación, cronoloxía, función social, así como a calquera outro aspecto que considere pertinente.

PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (3 puntos)


Unha vez realizadas varias presentacións na clase, a profesora propón varios temas que non foron tratados aínda. Os temas son os seguintes: a) A ópera romántica; b) A música barroca no s. XVIII; c) A Primeira Escola de Viena.

A vostede pídeselle que escolla un destes temas e seleccione **dúas obras musicais** para ilustrar ese tema. Xustifique a súa elección en 100-150 palabras (media páxina).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA E DIFUSIÓN. (2 puntos)

Para completar as presentacións na clase, faise unha exposición con imaxes que ilustran algún aspecto da historia da danza.

Escolla unha de entre as dúas imaxes que seguen e conteste ás preguntas que se fan sobre ela, debaixo da mesma.



4.1. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)

4.1.1. Identifique a cronoloxía e o contexto histórico da imaxe.

4.1.2. Comente a función da danza nese contexto.

4.2. Responda estes dous subapartados: (2 puntos)

4.2.1. Identifique a cronoloxía e o estilo de danza representado na imaxe.

4.2.2. Indique algún exemplo de obra musical e coreográfica representativa dese estilo.

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 3, de 3 puntos; la 2 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda, la tercera y la cuarta, con posibilidad de elección.

CONTEXTO:

Como actividad para la materia de Historia de la Música y de la Danza tiene que realizar usted una **presentación** para el grupo de clase, en la que explique un **género musical** histórico. Para ello deberá apoyarse en materiales documentales, como textos e imágenes que identifiquen el género y lo contextualicen histórica, estilística y socialmente. Este es el texto y la imagen que va a utilizar en este caso:

“El teatro ordinario de París, cerca del Palais Royal, haría, comparado con otros una triste figura, si no fuera por la pompa y el esmero de las escenografías que hacen olvidar la mediocridad de la arquitectura: muy sorprendentes son, sin embargo los coros, donde aparecen más de 30 doncellas espléndidamente vestidas y un número todavía mayor de hombres. Se pueden ver 16 espíritus que combaten entre las nubes; sin bajar el telón se asiste a cambios de escena instantáneos, y de ordinario compiten mutuamente 12, 16 o hasta 20 bailarines. No por casualidad de bailes y de coros consisten preponderantemente las óperas que allí se dan (...). Muy poco natural es que allí luego hagan aparecer tan a menudo divinidades y personificaciones de fuentes, árboles, colinas y ríos con figura humana que, para hacer ver sus máquinas, bajan del cielo de pie a las divinidades, en cada acto, y que concluyan sus dramas (sean tragedias recitadas o cantadas) de manera siempre tan lúgubre que no sobrevive a menudo más de uno o dos sobre la escena (cosa que en Alemania y en Italia se consideraría ridículo). Más allá de todo esto, sus óperas consisten, por lo general, solo de recitativos; las arias son, tal vez, no menos de 3 o 4, y cuando las recitan entonces todo el auditorio (que, fuera de alguna damisela, consiste por lo general solamente en *abbés*) se pone a canturrearlas (...). A sus glorias las hacen descender tan rápidamente del techo de las escenas que se estaría tentado de creer que sus nubes caen del cielo; las empresas de guerra y los asedios a las ciudades los tratan bufonescamente antes que seriamente, tanto más que los soldados, vestidos todos principescamente, parecen más que nada óptimos equilibristas y acróbatas.”



PREGUNTA 1. PERCEPCIÓN VISUAL Y AUDITIVA / CONTEXTOS DE CREACIÓN. (3 puntos)

A partir del texto y la imagen propuestas, prepare un texto escrito en el que explique el género escogido para la presentación. La estructura del texto será cómo sigue: una introducción, donde defina el género; un comentario, donde sintetice dos ideas principales que estén en el texto y/o relacionadas con la ilustración; una conclusión, donde sitúe cronológica y geográficamente, el género tratado, relacionándolo con otros elementos del contexto histórico y social. Extensión máxima: 400 palabras (2 páginas).

PREGUNTA 2. EXPERIMENTACIÓN ACTIVA. (2 puntos)

La presentación preparada anteriormente, requiere ser seguida de un **ejemplo musical**. Para ello puede utilizar una obra que usted conozca, o bien puede escoger una de entre estas tres: J. B. Lully, *Ouverture*, del Ballet de la Nuit; F. Chopin, *Nocturno en Do# menor*; R. Wagner, *Cabalgata de las Walkirias*, de la ópera La Walkiria. Debe justificar su elección, atendiendo al género, instrumentación, cronología, función social, así como a cualquier otro aspecto que considere pertinente.


PREGUNTA 3. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (3 puntos)

Una vez realizadas varias presentaciones en la clase, la profesora propone varios temas que no fueron tratados aún. Los temas son los siguientes: a) La ópera romántica; b) La música barroca en el s. XVIII; c) La Primera Escuela de Viena. A usted se le pide que escoja uno de estos temas y seleccione **dos obras musicales** para ilustrar ese tema. Justifique su elección en 100-150 palabras (media página).

PREGUNTA 4. CONTEXTOS DE CREACIÓN / INVESTIGACIÓN, OPINIÓN CRÍTICA Y DIFUSIÓN. (2 puntos)


Para completar las presentaciones en la clase, se hace una exposición con imágenes que ilustran algún aspecto de la historia de la danza.

Escoja una de entre las dos imágenes que siguen y conteste a las preguntas que se hacen sobre ella, debajo de la misma.



4.1. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)

- 4.1.1. Identifique la cronología y el contexto histórico de la imagen.
- 4.1.2. Comente la función de la danza en ese contexto.



4.2. Responda estos dos subapartados: (2 puntos)

- 4.2.1. Identifique la cronología y el estilo de danza representado en la imagen.
- 4.2.2. Indique algún ejemplo de obra musical y coreográfica representativa de este estilo.